XUNTA
DE GALICIA

# CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL

DOCUMENTO

FICHAS

74 CANGAS
CÓDIGO CONCELLO




Escala: 1:37.000



# 74 CANGAS

CÓDIGO CONCELLO

XUNTA DE GALICIA

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



74_001
CÓDIGO INVENTARIO

# CONXUNTO DE HÓRREOS E VIVENDAS DE VILARIÑO
DENOMINACIÓN

## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

SITIO ETNOLÓXICO
CATEGORÍA

PLAN BÁSICO AUTONÓMICO
PLANEAMENTO

FICHA

ARQUITECTÓNICO | CIVIL
TIPO | SUBTIPO

CONXUNTO/HÓRREO
ELEMENTO

INTEGRAL
NIVEL DE PROTECCIÓN

ACEPTABLE
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

AGROPECUARIO
GLOBAL

ALMACENAXE
DETALLADO

## ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Ampliación solo en planta, Reconstrución excepcional

AUTORIZABLES

Deben preservarse a estrutura pétrea, a tipoloxía elevada sobre pés con tornarratos, os paramentos ventilados e a cuberta tradicional. Recoméndanse actuacións de mantemento, conservación e restauración.

POSTA EN VALOR

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

CANGAS DE MORRAZO
CONCELLO

RÍA DE ALDÁN E COSTA DA VELA
SECTOR COSTEIRO

PORTO DE ALDÁN
UNIDADE DE PAISAXE

O HÍO (SANTO ANDRÉ)
PARROQUIA

VILARIÑO
NÚCLEO / LUGAR

36008A01609012
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 514887,00 | Y: 4680380,00
COORDENADAS | U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Hórreo illado pertencente ao conxunto de Vilariño, destinado historicamente ao secado e almacenaxe de cereal. Trátase dun exemplar de tipoloxía litoral executado en cantería de granito con cámara elevada ventilada mediante fendas horizontais continuas nos paramentos. A caixa estrutural apóiase sobre pés pétreos monolíticos con tornarratos e soleiras de granito, configurando unha cámara inferior aberta. A cuberta é a dúas augas con tella cerámica curva sobre estrutura tradicional de madeira. O acceso realízase mediante porta de madeira maciza. Pola súa configuración construtiva e características formais pode situarse cronoloxicamente entre finais do século XIX e comezos do XX. Presenta estado de conservación aceptable, con alteracións superficiais e deterioros menores en carpinterías.

DESCRIPCIÓN

Peza exenta de planta rectangular e pequeno volume elevado sobre pés pétreos. Paramentos de cantería de granito con fendas de ventilación horizontais e carpintería de madeira. Cuberta a dúas augas con tella curva.

EDIFICACIÓN

Parcela irregular vinculada a espazo rural consolidado do núcleo. Uso predominante agropecuario con presenza de edificacións auxiliares e vivendas próximas. Delimitación mediante peches simples e contacto directo co viario local.

PARCELA

Entorno rural tradicional de carácter mariñeiro con presenza de vivenda popular e elementos etnográficos. O conxunto mantén integración paisaxística coa contorna costeira. Detectanse alteracións por edificación contemporánea.

ENTORNO

Elemento representativo da arquitectura agraria tradicional, asociado á economía doméstica de almacenaxe de cereal. Destaca polo emprego de cantería granítica e pola súa integración no tecido rural histórico do núcleo.

VALORES




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 | Escala: 1:2.000



IMAXES





XUNTA DE GALICIA

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



74_002
CÓDIGO INVENTARIO

# ANTIGA SALGADURA “LA SEÑORITA” OU ”DE LIS”
DENOMINACIÓN




Escala: 1:5.000

## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

MONUMENTO
CATEGORÍA

PLAN BÁSICO AUTONÓMICO
PLANEAMENTO

FICHA

INDUSTRIAL — CONSERVEIRA
TIPO — SUBTIPO

SALGADEIRA
ELEMENTO

AMBIENTAL
NIVEL DE PROTECCIÓN

ACEPTABLE
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

INDUSTRIAL
GLOBAL

PRODUTIVO
DETALLADO

## ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación, Ampliación

AUTORIZABLES

Cómpre salientar o valor arquitectónico pola conservación da estrutura industrial mariñeira e o valor ambiental pola súa integración no conxunto portuario.

POSTA EN VALOR

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

CANGAS DE MORRAZO
CONCELLO

RÍA DE ALDÁN E COSTA DA VELA
SECTOR COSTEIRO

PORTO DE ALDÁN
UNIDADE DE PAISAXE

O HÍO (SANTO ANDRÉ)
PARROQUIA

PEIRAO DO RÍO ESTEIRO
NÚCLEO / LUGAR

002032200NG18A
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 514429,00 — Y: 4680402,00
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Conxunto composto por unha antiga fábrica de salgadura máis unha vivenda. A súa construción data de 1920. A fábrica é unha nave de planta rectangular. Combina muros de cachotería con cerramentos de bloque de formigón enfoscado con morteiro de cemento. Con cuberta a un auga de placa ondulada de fibrocemento. Orixinalmente estaba destinada a actividades vencelladas á conservación do peixe mediante salgadura. A vivenda, acaroada á nave e resolta en dúas alturas con muros de cantaría, conta con cuberta a catro augas de tella cerámica curva. O inmoble destaca pola presenza dunha galería pétrea corrida no piso superior. A vivenda foi reformada integralmente no ano 2003.

DESCRIPCIÓN

Composta por nave industrial con cerramentos en cachotería e bloque de formigón enfoscado. Cuberta a un agua de fibrocemento. Vivenda anexa, de dúas plantas. Executada con muros de cantaría e cuberta a catro augas de tella curva.

EDIFICACIÓN

Situada en fronte litoral portuaria, cunha disposición lonxitudinal paralela á liña de costa. Conta con peirao.

PARCELA

Entorno inmediato caracterizado polo tecido portuario tradicional de Aldán, con edificacións industriais e contacto directo coa ría.

ENTORNO

Valor ambiental pola súa integración no conxunto portuario. Valor arquitectónico pola conservación da estrutura industrial mariñeira. Valor paisaxístico pola súa relación directa coa ría.

VALORES

## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



IMAXES





XUNTA DE GALICIA

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

SITIO ARQUEOLÓXICO
CATEGORÍA

NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO
PLANEAMENTO

GA36008007
FICHA

XACEMENTO ARQUEOLÓXICO — XACEMENTO ARQUEOLÓXICO
TIPO — SUBTIPO

CALCOLÍTICO
ELEMENTO

GRAO II.1 / GRAO II.2
NIVEL DE PROTECCIÓN

ALTERADO
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

RESIDENCIAL
GLOBAL

RESIDENCIAL UNIFAMILIAR
DETALLADO

## DELIMITACIÓN DO BEN

Con carácter xeral, tan só se permitirán actuacións encamiñadas á conservación, protección, consolidación, e investigación dos bens, con autorización previa da administración competente en materia de patrimonio cultural.

CONTORNO DO BEN

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse á avaliación do seu impacto arqueolóxico e paisaxístico.

CONTORNO DE PROTECCIÓN

# 74_003
CÓDIGO INVENTARIO

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

CANGAS DE MORRAZO
CONCELLO

RÍA DE ALDÁN E COSTA DA VELA
SECTOR COSTEIRO

PINTÉNS
UNIDADE DE PAISAXE

O HÍO (SANTO ANDRÉ)
PARROQUIA

IGREXARIO, O
NÚCLEO / LUGAR

36008A01500644
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 513904,00 — Y: 4680514,00
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Asentamento aberto ao aire libre adscrito ao Neolítico final-Calcolítico, identificado como xacemento tipo Penha. A función orixinal relacionouse cunha ocupación estacional vinculada a actividades domésticas e produtivas. Sitúase nun pequeno contraforte ou esporón litoral que domina o flanco occidental da praia de Arealonga, configurando un espazo elevado con control visual do territorio inmediato. As escavacións de 1981 e 1982 documentaron niveis de ocupación con estruturas de combustión e cultura material asociada, incluíndo cerámica con decoración incisa metopada e industria lítica tallada. O estado actual presenta cobertura vexetal e transformacións polo uso residencial do contorno.

DESCRIPCIÓN

Non se documentan estruturas visibles en superficie.

EDIFICACIÓN

Parcela situada nun pequeno esporón litoral orientado cara a enseada de Arealonga de configuración irregular adaptada á topografía. O uso actual é residencial e agrícola disperso, con relación directa co núcleo.

PARCELA

O contorno presenta carácter rural-costeiro con presenza de vivenda unifamiliar dispersa e parcelas agrícolas. O xacemento sitúase nun punto elevado con relación visual coa liña litoral e coa paisaxe agraria tradicional inmediata.

ENTORNO

Referente para o estudo dos asentamentos ao aire libre do Neolítico final-Calcolítico no litoral, asociado ao denominado tipo Penha e á explotación estacional de recursos costeiros.

VALORES

# LAVAPÉS
DENOMINACIÓN




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



HIPSOMÉTRICO — Escala: 1:2.000



XUNTA DE GALICIA

74_004
CÓDIGO INVENTARIO

# CONSERVEIRAS DE CURBERA
DENOMINACIÓN

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

MONUMENTO
CATEGORÍA

PLAN BÁSICO AUTONÓMICO
PLANEAMENTO

FICHA

INDUSTRIAL — CONSERVEIRA
TIPO — SUBTIPO

CONSERVEIRA
ELEMENTO

AMBIENTAL
NIVEL DE PROTECCIÓN

MOI DEFICIENTE
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

INDUSTRIAL
GLOBAL

PRODUTIVO
DETALLADO

## ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación, Ampliación

AUTORIZABLES

Priorizar a conservación das naves, muros de sillería granítica, cheminea e relación co peirao. Recoméndanse investigación, consolidación estrutural, restauración e rehabilitación.

POSTA EN VALOR

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

CANGAS DE MORRAZO
CONCELLO

RÍA DE ALDÁN E COSTA DA VELA
SECTOR COSTEIRO

PINTÉNS
UNIDADE DE PAISAXE

O HÍO (SANTO ANDRÉ)
PARROQUIA

AMEIXEDE
NÚCLEO / LUGAR

36008A01500020
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 513836,07 — Y: 4680939,94
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Conxunto industrial conserveiro, destinado orixinariamente á transformación e envasado de produtos pesqueiros. Compone de varias naves alongadas e edificacións auxiliares vinculadas á produción e ao embarque. Os corpos principais execútanse en fábrica de cachotaría e sillería granítica, con estrutura interior de formigón armado e cubertas a dúas augas. A implantación lineal fronte ao peirao articula espazos de traballo, almacenaxe e carga. Construído a comezos do século XX e activo ata a década de 1970, constitúe exemplo relevante da arquitectura industrial mariñeira. Presenta abandono prolongado, colapso parcial de cubertas, perda de carpinterías, fisuracións e colonización vexetal. O estado xeral é moi deficiente con danos estruturais visibles.

DESCRIPCIÓN

Edificación industrial formada por naves adxacentes dúas plantas e grandes luces. Fachadas de fábrica granítica revocada con ocos regulares e carpinterías desaparecidas. Estrutura muros portantes. Cuberta inclinada moi deteriorada

EDIFICACIÓN

Parcela costeira irregular dimensión vinculada ao antigo complexo conserveiro. Ocupada polas naves industriais e espazos de carga xunto ao peirao. Limita co litoral da ría e conecta directamente coa edificación produtiva.

PARCELA

Contorno litoral de carácter rural e mariñeiro na ría con accesos locais e presenza de edificación dispersa. A fábrica destaca como referencia industrial integrada nunha paisaxe costeira con arborado e pendentes naturais.

ENTORNO

Representativo da arquitectura industrial conserveira, ligado ao desenvolvemento económico pesqueiro do século XX. Constitúe testemuño da actividade produtiva e da memoria social vinculada á industria do mar.

VALORES




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



IMAXES





# XUNTA DE GALICIA

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



74_006
CÓDIGO INVENTARIO

# PRAIA DE PINTÉNS
DENOMINACIÓN




## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

SITIO ARQUEOLÓXICO
CATEGORÍA

NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO
PLANEAMENTO

GA36008006
FICHA

GALAICO ROMANO — GALAICO ROMANO
TIPO — SUBTIPO

XACEMENTO ROMANO
ELEMENTO

GRAO II.1 / GRAO II.2
NIVEL DE PROTECCIÓN

SIN DATO
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

AGROPECUARIO
GLOBAL

PRODUTIVO
DETALLADO

## DELIMITACIÓN DO BEN

Con carácter xeral, tan só se permitirán actuacións encamiñadas á conservación, protección, consolidación, e investigación dos bens, con autorización previa da administración competente en materia de patrimonio cultural.

CONTORNO DO BEN

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse á avaliación do seu impacto arqueolóxico e paisaxístico.

CONTORNO DE PROTECCIÓN

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

CANGAS DE MORRAZO
CONCELLO

RÍA DE ALDÁN E COSTA DA VELA
SECTOR COSTEIRO

PINTÉNS
UNIDADE DE PAISAXE

O HÍO (SANTO ANDRÉ)
PARROQUIA

PINTÉNS
NÚCLEO / LUGAR

36008A00500658
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 513724,00 — Y: 4681244,00
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Restos dun complexo romano vinculado á transformación e conservación de produtos mariños, interpretado como instalación de salgadura costeira. Sitúase na marxe oriental do areal, nunha rasa litoral de baixa altitude. As estruturas documentadas inclúen muros de cachotaría ligados con morteiro de cal e fragmentos de tégula, asociados a posibles estanques ou pías de procesado. Detectouse tamén fábrica de opus caementicium con núcleo de grava e morteiro romano. A disposición das estruturas suxire un conxunto produtivo orientado cara ao litoral. Cronoloxicamente adscríbese á época romana imperial. O estado de conservación é parcial, con estruturas soterradas e alteracións derivadas de procesos erosivos costeiros e movementos de terra.

DESCRIPCIÓN

Non se identifica edificación histórica emerxente.

EDIFICACIÓN

Parcela costeira na marxe oriental da praia de Pinténs, de xeometría irregular adaptada á liña litoral. O solo presenta uso recreativo asociado ao areal e relación directa co espazo costeiro e cos terreos agrarios.

PARCELA

O entorno caracterízase por unha paisaxe litoral aberta propia da ría, con presenza de areal, vexetación costeira e masas arboradas próximas. O ámbito presenta baixa densidade edificatoria e boa integración paisaxística.

ENTORNO

Interese histórico e científico ao documentar actividade industrial romana ligada á explotación mariña. Constitúe testemuño da ocupación romana do litoral e da economía marítima antiga local.

VALORES

## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



HIPSOMÉTRICO — Escala: 1:2.000



## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



# 74_007
CÓDIGO INVENTARIO

# VILA ROMANA DE PIPÍN
DENOMINACIÓN

## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

CATEGORÍA

NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO
PLANEAMENTO

GA36008005
FICHA

GALAICO ROMANO
TIPO

GALAICO ROMANO
SUBTIPO

XACEMENTO ROMANO
ELEMENTO

GRAO II.1 / GRAO II.2
NIVEL DE PROTECCIÓN

ALTERADO
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

AGROPECUARIO
GLOBAL

PRODUTIVO
DETALLADO

## DELIMITACIÓN DO BEN

Con carácter xeral, tan só se permitirán actuacións encamiñadas á conservación, protección, consolidación, e investigación dos bens, con autorización previa da administración competente en materia de patrimonio cultural.

CONTORNO DO BEN

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse á avaliación do seu impacto arqueolóxico e paisaxístico.

CONTORNO DE PROTECCIÓN

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

CANGAS DE MORRAZO
CONCELLO

RÍA DE ALDÁN E COSTA DA VELA
SECTOR COSTEIRO

PINTÉNS
UNIDADE DE PAISAXE

O HÍO (SANTO ANDRÉ)
PARROQUIA

PINTÉNS
NÚCLEO / LUGAR

36008A00500854
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 513394,00 — Y: 4681584,00
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Villa romana de carácter rural, vinculada á explotación agropecuaria do territorio litoral. A ocupación documentada remite ao período baixoimperial, con evidencias materiais recuperadas en escavacións efectuadas en 1974. Conservaronse restos murarios e materiais cerámicos asociados a estruturas domésticas e produtivas. Os paramentos identificados executáronse con cachotaría de pedra local trabada con morteiro de cal, configurando estancias rectangulares organizadas en torno a espazos funcionais da explotación. O xacemento sitúase pequeno resalte costeiro sobre a praia de Carballal. O estado de conservación é parcial, con estruturas soterradas e alteración superficial pola dinámica vexetal e polos procesos naturais do terreo.

DESCRIPCIÓN

Restos murarios dunha edificación principal de villa con dependencias anexas. Paramentos de cachotaría con morteiro de cal, organizados en estancias rectangulares. Cubertas desaparecidas e conservación parcial baixo sedimento.

EDIFICACIÓN

Parcela costeira irregular situada nun saliente litoral sobre praia. Uso actual agrario e naturalizado. Delimitación difusa do xacemento e relación directa co ámbito topográfico onde se conservan estruturas soterradas.

PARCELA

Contorno litoral rural. Acceso por pista local e proximidade á praia do Carballal. Paisaxe con vexetación atlántica e usos agrarios dispersos, sen elementos arquitectónicos relevantes.

ENTORNO

Representativo da ocupación rural romana no litoral, ligado á explotación agropecuaria. Achega información arqueolóxica relevante para o coñecemento do pobamento romano e da organización territorial.

VALORES




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



HIPSOMÉTRICO — Escala: 1:2.000



XUNTA DE GALICIA

74_009
CÓDIGO INVENTARIO

# PUNTA COUSO
DENOMINACIÓN

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

MONUMENTO
CATEGORÍA

PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL
PLANEAMENTO

FICHA

INDUSTRIAL — MARÍTIMA
TIPO — SUBTIPO

FARO
ELEMENTO

AMBIENTAL
NIVEL DE PROTECCIÓN

ÓPTIMO
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

INDUSTRIAL
GLOBAL

INFRAESTRUTURAS COMUNICACIÓN
DETALLADO

## ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación, Ampliación

AUTORIZABLES

Cómpre salientar a súa integración paisaxística e preservar a súa visibilidade como fito costeiro.

POSTA EN VALOR

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

CANGAS DE MORRAZO
CONCELLO

RÍA DE ALDÁN E COSTA DA VELA
SECTOR COSTEIRO

COSTA DE SOAVELA
UNIDADE DE PAISAXE

O HÍO (SANTO ANDRÉ)
PARROQUIA

NÚCLEO / LUGAR

36008A00109555
REFERENCIA CATASTRAL

DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE
ZONA

X: 511784,00 — Y: 4684058,00
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

A torre baliza de Punta Couso é unha infraestrutura marítima de sinalización costeira situada nun espazo litoral de excepcional valor paisaxístico e ambiental, na Costa de Soavela. Trátase dunha edificación troncocónica de 5 metros de altura, empregada para a localización e guía nocturna das embarcacións que navegan entre a ría de Aldán e a bocana exterior da Ría de Vigo. Implantada sobre o afloramento rochoso do cantil, ancorada á rocha mediante cimentación corrida adaptada á xeomorfoloxía costeira.

DESCRIPCIÓN

Torre baliza troncocónica de 5 metro de altura. Presenta cimentación directa sobre rocha costeira.

EDIFICACIÓN

Parcela situada nun promontorio costeiro rochoso, delimitada naturalmente polo cantil e o mar aberto. O terreo é irregular e con vexetación. Existe un sendeiro de acceso peonil adaptado á topografía existente.

PARCELA

Entorno natural de elevada calidade paisaxística, formado por cantís graníticos, vexetación litoral autóctona e vistas abertas sobre o océano Atlántico e as rías.

ENTORNO

Valor paisaxístico e ambiental pola integración no entorno natural costeiro.

VALORES




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000 — IMAXES





XUNTA DE GALICIA

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



74_010
CÓDIGO INVENTARIO

# PETRÓGLIFO DE TOMBO DOS VISOS
DENOMINACIÓN

## DATOS IDENTIFICATIVOS

BIC XENÉRICO
CLASIFICACIÓN

SITIO ARQUEOLÓXICO
CATEGORÍA

NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO
PLANEAMENTO

GA36008020
FICHA

XACEMENTO ARQUEOLÓXICO — XACEMENTO ARQUEOLÓXICO
TIPO — SUBTIPO

PETRÓGLIFO
ELEMENTO

GRAO I / GRAO II.2
NIVEL DE PROTECCIÓN

SIN DATO
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

AGROPECUARIO
GLOBAL

PRODUTIVO
DETALLADO

## DELIMITACIÓN DO BEN

Con carácter xeral, tan só se permitirán actuacións encamiñadas á conservación, protección, consolidación, e investigación dos bens, con autorización previa da administración competente en materia de patrimonio cultural.

CONTORNO DO BEN

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse á avaliación do seu impacto arqueolóxico e paisaxístico.

CONTORNO DE PROTECCIÓN

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

CANGAS DE MORRAZO
CONCELLO

RÍA DE ALDÁN E COSTA DA VELA
SECTOR COSTEIRO

COSTA DA VELA
UNIDADE DE PAISAXE

O HÍO (SANTO ANDRÉ)
PARROQUIA

DONÓN
NÚCLEO / LUGAR

36008A01000043
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 511480,89 — Y: 4679599,71
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Gravados rupestres ao aire libre executados sobre afloramento granítico situado nun pequeno promontorio da rasa costeira. Trátase dun xacemento arqueolóxico adscrito á Idade do Bronce, constituído por petróglifos realizados mediante técnicas de picado e abrasión sobre soporte granítico. O repertorio iconográfico documentado inclúe círculos simples, dúas parellas de círculos concéntricos, un motivo en espiral e varias figuras cadrangulares distribuídas sobre diferentes superficies rochosas. O conxunto sitúase nun afloramento elevado próximo á pista forestal cara ao cabo Home. O estado actual vese condicionado pola presenza de vexetación arbustiva densa e procesos de meteorización superficial do soporte pétreo que dificultan a lectura completa dos motivos gravados.

DESCRIPCIÓN

Non existe edificación asociada ao xacemento.

EDIFICACIÓN

Parcela rústica situada en solo de monte baixo na contorna costeira, cunha xeometría irregular adaptada á topografía do promontorio granítico. O uso actual é forestal e natural, sen delimitacións construtivas.

PARCELA

Entorno rural de carácter litoral integrado na paisaxe da Costa da Vela, con predominio de monte baixo e pistas forestais. A accesibilidade prodúcese por vial rural. O conxunto mantén integración visual no territorio costeiro.

ENTORNO

Representativo da arte rupestre prehistórica da Idade do Bronce na costa do Morrazo. Presenta interese arqueolóxico, científico e identitario pola súa relación co sistema de petróglifos litorais da Costa da Vela.

VALORES



## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



HIPSOMÉTRICO — Escala: 1:2.000



XUNTA DE GALICIA

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

SITIO ARQUEOLÓXICO
CATEGORÍA

PLAN BÁSICO AUTONÓMICO
PLANEAMENTO

GA36008052
FICHA

XACEMENTO ARQUEOLÓXICO — TIPO
XACEMENTO ARQUEOLÓXICO — SUBTIPO

XACEMENTO
ELEMENTO

GRAO II.1 / GRAO II.2
NIVEL DE PROTECCIÓN

SIN DATO
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

AGROPECUARIO
GLOBAL

PRODUTIVO
DETALLADO

## DELIMITACIÓN DO BEN

Con carácter xeral, tan só se permitirán actuacións encamiñadas á conservación, protección, consolidación, e investigación dos bens, con autorización previa da administración competente en materia de patrimonio cultural.

CONTORNO DO BEN

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse á avaliación do seu impacto arqueolóxico e paisaxístico.

CONTORNO DE PROTECCIÓN

74_011
CÓDIGO INVENTARIO

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

CANGAS DE MORRAZO
CONCELLO

RÍA DE VIGO
SECTOR COSTEIRO

ENSEADA DA BARRA
UNIDADE DE PAISAXE

O HÍO (SANTO ANDRÉ)
PARROQUIA

COSTA DA VELA
NÚCLEO / LUGAR

36008A05109510
REFERENCIA CATASTRAL

DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE
ZONA

X: 512624,00 — Y: 4678834,00
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Xacemento arqueolóxico situado na contorna litoral de Donón, asociado probablemente a un asentamento de época castrexa ou galaico-romana. Identifícase pola aparición superficial de materiais cerámicos, entre eles fragmentos lisos e decorados tipo Penha, así como escoria metalúrxica e elementos de muíño manual. O emprazamento localízase nunha ladeira de pendente suave próxima a un promontorio mariño e a un regato, configurando un espazo de ocupación dispersa sen estruturas visibles en superficie. A estratigrafía foi parcialmente alterada pola apertura de camiños e pola construción de vivendas unifamiliares. A vexetación dominante é de piñeiral e o grao de conservación resulta indeterminado pola ausencia de escavación arqueolóxica. A delimitación do sitio non está definida.

DESCRIPCIÓN

Non se identifican edificacións históricas asociadas.

EDIFICACIÓN

Parcela en ladeira litoral de pendente suave, configuración irregular adaptada á topografía e próxima á costa. O solo presenta uso forestal e residencial disperso, articulado por camiños locais que atravesan parcialmente o ámbito.

PARCELA

Entorno costeiro rural con accesibilidade mediante pistas locais vinculadas ao núcleo de Viñó e ás praias próximas. A paisaxe combina piñeiral, parcelas residenciais dispersas e ámbitos litorais abertos con exposición visual alta.

ENTORNO

Interese arqueolóxico pola presenza de cerámicas decoradas e evidencias metalúrxicas que permiten vinculalo cun posible asentamento Idade do Ferro. Constitúe testemuño da ocupación histórica do litoral da ría.

VALORES

# VIÑÓ
DENOMINACIÓN




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



HIPSOMÉTRICO — Escala: 1:2.000



# XUNTA DE GALICIA

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

SITIO ARQUEOLÓXICO
CATEGORÍA

NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO
PLANEAMENTO

GA36008014
FICHA

XACEMENTO ARQUEOLÓXICO — XACEMENTO ARQUEOLÓXICO
TIPO — SUBTIPO

SALINAS
ELEMENTO

GRAO II.1 / GRAO II.2
NIVEL DE PROTECCIÓN

SIN DATO
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

DOTACIONAL
GLOBAL

ESPAZOS LIBRE E ZONA VERDE
DETALLADO

## DELIMITACIÓN DO BEN

Con carácter xeral, tan só se permitirán actuacións encamiñadas á conservación, protección, consolidación, e investigación dos bens, con autorización previa da administración competente en materia de patrimonio cultural.

CONTORNO DO BEN

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse á avaliación do seu impacto arqueolóxico e paisaxístico.

CONTORNO DE PROTECCIÓN

74_012
CÓDIGO INVENTARIO

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

CANGAS DE MORRAZO
CONCELLO

RÍA DE VIGO
SECTOR COSTEIRO

ENSEADA DA BARRA
UNIDADE DE PAISAXE

O HÍO (SANTO ANDRÉ)
PARROQUIA

NERGA
NÚCLEO / LUGAR

36008A05109510
REFERENCIA CATASTRAL

DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE
ZONA

X: 513374,00 — Y: 4678574,00
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Estruturas asociadas á explotación salina tradicional situadas na desembocadura do regato das Forcadas. Corresponde a un pavimento horizontal compartimentado interpretado como instalación de evaporación salina, elaborado con cantos rodados e sedimentos aglutinados, disposto en superficie horizontal e estanca. O conxunto esténdese ao longo duns 60 m no tramo final do regato, parcialmente soterrado baixo depósitos eólicos do sistema dunar. A cronoloxía é indeterminada, aínda que se relaciona hipoteticamente con dinámicas produtivas antigas do litoral. O estado actual é de ocultación baixo area, con conservación descoñecida e posible afectación por procesos costeiros e dinámica dunar.

DESCRIPCIÓN

Non se identifican edificacións asociadas.

EDIFICACIÓN

Parcela litoral integrada no sistema praia-duna, na desembocadura do regato das Forcadas. Xeometría irregular pola dinámica costeira. Uso natural asociado ao areal. Delimitación vinculada ao ámbito potencial do xacemento.

PARCELA

Entorno costeiro da enseada con praia aberta, sistema dunar e repoboación de piñeiro marítimo. Acceso por viario local. Paisaxe de alta integridade visual e escasa presenza de elementos deturpadores.

ENTORNO

Xacemento asociado á explotación histórica de sal mariña mediante evaporación en estruturas costeiras. Interese arqueolóxico pola evidencia de pavimentos compartimentados vinculados a actividades produtivas litorais antigas.

VALORES

# SALINAS DA PRAIA DE NERGA
DENOMINACIÓN




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



HIPSOMÉTRICO — Escala: 1:2.000



XUNTA DE GALICIA

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



74_013
CÓDIGO INVENTARIO

# AS FORCADAS
DENOMINACIÓN

## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

SITIO ARQUEOLÓXICO
CATEGORÍA

NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO
PLANEAMENTO

GA36008013
FICHA

ZONA ARQUEOLÓXICA — ZONA ARQUEOLÓXICA
TIPO — SUBTIPO

CALCOLÍTICO
ELEMENTO

GRAO III
NIVEL DE PROTECCIÓN

SIN DATO
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

FORESTAL
GLOBAL

PRODUTIVO
DETALLADO

## DELIMITACIÓN DO BEN

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse coas cautelas arqueolóxicas que se consideren necesarias.

CONTORNO DO BEN

CONTORNO DE PROTECCIÓN

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

CANGAS DE MORRAZO
CONCELLO

RÍA DE VIGO
SECTOR COSTEIRO

ENSEADA DA BARRA
UNIDADE DE PAISAXE

O HÍO (SANTO ANDRÉ)
PARROQUIA

IGREXARIO, O
NÚCLEO / LUGAR

36008A05109510
REFERENCIA CATASTRAL

DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE
ZONA

X: 513454,00 — Y: 4678984,00
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Depósito superficial asociado ao cauce do regato homónimo, situado nunha vaguada litoral próxima á praia de Nerga. Trátase dun ámbito de dispersión de materiais prehistóricos, sen estruturas visibles, documentado a partir de achados fortuítos. Identificáronse fragmentos cerámicos lisos e decorados, atribuíbles ás tradicións Penha e campaniforme, así como dúas puntas de frecha e unha peza lítica esquistosa antropomorfa. Os materiais apareceron entre a terra e os sedimentos areosos do leito do regato, cunha dispersión aproximada de 100 m. O contexto paisaxístico caracterízase por cobertura forestal recente e acumulacións de area e vexetación densa, sen evidencias estruturais conservadas. Vencellado a GA36008001

DESCRIPCIÓN

Non se documenta edificación asociada.

EDIFICACIÓN

Parcela rústica en vaguada litoral definida polo regato, con xeometría irregular condicionada pola dinámica fluvial e depósitos areosos. Uso forestal e natural, sen peches consolidados nin relación edificada directa.

PARCELA

Entorno litoral da enseada con masas forestais de repoboación, matogueira e depósitos dunares próximos á praia. Acceso por camiños locais. Paisaxe natural con escasa presenza edificatoria e boa integración visual.

ENTORNO

Interese arqueolóxico pola presenza de materiais cerámicos campaniformes e útiles líticos vinculados a ocupacións prehistóricas no litoral da ría. Testemuña poboamento antigo e uso de recursos costeiros.

VALORES



## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



HIPSOMÉTRICO — Escala: 1:2.000



XUNTA DE GALICIA

# 74_014
CÓDIGO INVENTARIO

# AVILLEIRA
DENOMINACIÓN

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

SITIO ARQUEOLÓXICO
CATEGORÍA

PLAN BÁSICO AUTONÓMICO
PLANEAMENTO

GA36008016
FICHA

ZONA ARQUEOLÓXICA — ZONA ARQUEOLÓXICA
TIPO — SUBTIPO

XACEMENTO
ELEMENTO

GRAO III
NIVEL DE PROTECCIÓN

SIN DATO
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

FORESTAL
GLOBAL

PRODUTIVO
DETALLADO

## DELIMITACIÓN DO BEN

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse coas cautelas arqueolóxicas que se consideren necesarias.

CONTORNO DO BEN

CONTORNO DE PROTECCIÓN

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

CANGAS DE MORRAZO
CONCELLO

RÍA DE VIGO
SECTOR COSTEIRO

ENSEADA DA BARRA
UNIDADE DE PAISAXE

O HÍO (SANTO ANDRÉ)
PARROQUIA

NERGA
NÚCLEO / LUGAR

36008A01300062
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 513804,00 — Y: 4679004,00
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Asentamento ao aire libre adscrito ao horizonte campaniforme, identificado nun contexto litoral asociado á dinámica dunar da enseada de Nerga. A función orixinal interprétase como área de ocupación ou actividade prehistórica vinculada á explotación de recursos costeiros. Documentáronse restos materiais consistentes en cerámica lisa e decorada de tradición campaniforme e un muíño navicular lítico, evidenciados en prospección superficial. O depósito sitúase baixo unha potencia de area dunar duns 2-3 m, sobre horizonte orgánico antigo. O emprazamento ocupa a ladeira occidental da valgada do regato, nun ámbito de areal litoral. O estado actual presenta alteracións derivadas da mobilidade dunar e da implantación de plantación forestal.

DESCRIPCIÓN

Non se documenta edificación asociada.

EDIFICACIÓN

Parcela rústica de configuración irregular situada nun ámbito litoral de transición entre areal e ladeira. O uso actual combina aproveitamento forestal e espazos naturais, mantendo relación directa co sistema dunar próximo.

PARCELA

O contorno inmediato corresponde a unha paisaxe litoral aberta vinculada ao sistema de praias. Predomina o carácter natural con presenza de masas forestais e áreas de areal, cunha integración paisaxística elevada.

ENTORNO

Interese arqueolóxico pola adscrición ao horizonte campaniforme no litoral, evidenciado por cerámica decorada e industria lítica asociada. Constitúe testemuño da ocupación prehistórica do ámbito costeiro da ría.

VALORES



## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



HIPSOMÉTRICO — Escala: 1:2.000



XUNTA DE GALICIA

74_015
CÓDIGO INVENTARIO

# PETRÓGLIFO EIREXIÑA OU AS AEIRAS
DENOMINACIÓN

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BIC XENÉRICO
CLASIFICACIÓN

SITIO ARQUEOLÓXICO
CATEGORÍA

DECRETO 3741/1974
PLANEAMENTO

GA36008091
FICHA

XACEMENTO ARQUEOLÓXICO
TIPO

XACEMENTO ARQUEOLÓXICO
SUBTIPO

PETRÓGLIFO
ELEMENTO

GRAO I / GRAO II.2
NIVEL DE PROTECCIÓN

ALTERADO
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

AGROPECUARIO
GLOBAL

PRODUTIVO
DETALLADO

## DELIMITACIÓN DO BEN

Con carácter xeral, tan só se permitirán actuacións encamiñadas á conservación, protección, consolidación, e investigación dos bens, con autorización previa da administración competente en materia de patrimonio cultural.

CONTORNO DO BEN

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse á avaliación do seu impacto arqueolóxico e paisaxístico.

CONTORNO DE PROTECCIÓN

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

CANGAS DE MORRAZO
CONCELLO

RÍA DE VIGO
SECTOR COSTEIRO

AS EIRAS
UNIDADE DE PAISAXE

O HÍO (SANTO ANDRÉ)
PARROQUIA

IGRESIÑA EN NERGA
NÚCLEO / LUGAR

36008A01800424
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 513686,97 Y: 4678066,27
COORDENADAS U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Estación de arte rupestre ao aire libre gravada nun afloramento de granito situado nun promontorio costeiro próximo á praia de Nerga. O soporte presenta superficie inclinada e gravados executados mediante percusión e abrasión. Documentanse coviñas e cazoletas de diferentes dimensións, destacando unha depresión central de gran diámetro asociada a trazos circulares e cavidades menores. Identifícase tamén un suco transversal que atravesa o panel pétreo. A adscrición cultural relaciónase coa arte rupestre atlántica da Idade do Bronce. O estado actual vese afectado por vexetación, erosión superficial e pola presenza dun muro e plataforma de cemento ao norte que puido ocultar parte dos motivos..Vencellado a GA36008001

DESCRIPCIÓN

Non se documenta edificación asociada.

EDIFICACIÓN

Parcela rústica situada nun pequeno promontorio litoral xunto á praia, con xeometría irregular adaptada ao afloramento granítico. O uso actual é natural e paisaxístico, con vexetación arbustiva e acceso por camiño local.

PARCELA

Entorno costeiro caracterizado por promontorio rochoso integrado no sistema litoral da ría. O ámbito inmediato combina residencial disperso, camiños locais e espazos naturais asociados á paisaxe marítima litoral.

ENTORNO

Representativo da arte rupestre con gravados de coviñas e cazoletas vinculados á Idade do Bronce. Destaca pola súa relación co litoral e coa paisaxe arqueolóxica costeira. Constitúe referencia patrimonial local.

VALORES




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 Escala: 1:2.000



HIPSOMÉTRICO Escala: 1:2.000



XUNTA DE GALICIA

74_016
CÓDIGO INVENTARIO

# CASTRO DA EIREXIÑA
DENOMINACIÓN

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

SITIO ARQUEOLÓXICO
CATEGORÍA

NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO
PLANEAMENTO

GA36008001
FICHA

XACEMENTO ARQUEOLÓXICO — XACEMENTO ARQUEOLÓXICO
TIPO — SUBTIPO

CASTRO
ELEMENTO

GRAO II.1 / GRAO II.2
NIVEL DE PROTECCIÓN

ALTERADO
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

AGROPECUARIO
GLOBAL

PRODUTIVO
DETALLADO

## DELIMITACIÓN DO BEN

Con carácter xeral, tan só se permitirán actuacións encamiñadas á conservación, protección, consolidación, e investigación dos bens, con autorización previa da administración competente en materia de patrimonio cultural.

CONTORNO DO BEN

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse á avaliación do seu impacto arqueolóxico e paisaxístico.

CONTORNO DE PROTECCIÓN

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

CANGAS DE MORRAZO
CONCELLO

RÍA DE VIGO
SECTOR COSTEIRO

AS EIRAS
UNIDADE DE PAISAXE

O HÍO (SANTO ANDRÉ)
PARROQUIA

IGRESIÑA EN NERGA
NÚCLEO / LUGAR

36008A01800503
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 513685,28 — Y: 4678104,79
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Xacemento arqueolóxico de tipoloxía castrexa con ocupación principal adscrita á Idade do Ferro, localizado nun pequeno promontorio costeiro que pecha polo leste a praia. O asentamento presenta organización defensiva mediante terraplén e posible foxo que delimita o recinto polo sector oriental. Identifícanse dúas plataformas principais de ocupación e evidencias de estruturas habitacionais, aínda que actualmente non se conservan alzados visibles. No contorno documentouse tamén un complexo de produción mariña de época romana vinculado á salgadura de peixe, construído con muros paralelos e opus caementicium. Os materiais recuperados inclúen cerámica común, ánforas, tégulas, restos metálicos e malacolóxicos. Vencellado a GA36008091

DESCRIPCIÓN

Non se identifican edificacións emerxentes.

EDIFICACIÓN

Parcela arqueolóxica configurada por un promontorio litoral de xeometría irregular delimitado polo borde costeiro e por superficies agrarias e residenciais próximas. O ámbito inclúe áreas de duna e ladeiras suaves.

PARCELA

Ámbito costeiro aberto da ría, con presenza de praia e sistema dunar. O contorno inmediato combina usos residenciais dispersos e áreas naturais litorais. A percepción paisaxística mantén elevada integración visual.

ENTORNO

Representativo do poboamento castrexo litoral con evidencias de continuidade de ocupación e explotación mariña en época romana. Destaca polo seu interese arqueolóxico, relación co territorio costeiro e valor identitario local.

VALORES




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



HIPSOMÉTRICO — Escala: 1:2.000



XUNTA DE GALICIA

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BIC XENÉRICO
CLASIFICACIÓN

SITIO ARQUEOLÓXICO
CATEGORÍA

PLAN BÁSICO AUTONÓMICO
PLANEAMENTO

GA36008053
FICHA

XACEMENTO ARQUEOLÓXICO — XACEMENTO ARQUEOLÓXICO
TIPO — SUBTIPO

PETRÓGLIFO
ELEMENTO

GRAO I / GRAO II.2
NIVEL DE PROTECCIÓN

SIN DATO
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

AGROPECUARIO
GLOBAL

PRODUTIVO
DETALLADO

## DELIMITACIÓN DO BEN

Con carácter xeral, tan só se permitirán actuacións encamiñadas á conservación, protección, consolidación, e investigación dos bens, con autorización previa da administración competente en materia de patrimonio cultural.

CONTORNO DO BEN

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse á avaliación do seu impacto arqueolóxico e paisaxístico.

CONTORNO DE PROTECCIÓN

# 74_017
CÓDIGO INVENTARIO

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

CANGAS DE MORRAZO
CONCELLO

RÍA DE VIGO
SECTOR COSTEIRO

AS EIRAS
UNIDADE DE PAISAXE

O HÍO (SANTO ANDRÉ)
PARROQUIA

NERGA
NÚCLEO / LUGAR

36008A01809565
REFERENCIA CATASTRAL

DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE
ZONA

X: 514301,00 — Y: 4677760,00
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Manifestación de arte rupestre ao aire libre gravada sobre afloramento granítico costeiro. Trátase dun panel pétreo con cazoletas escavadas mediante percusión directa sobre granito de gran medio, con diámetros entre 6 e 11 cm, dispostas de forma dispersa e parcialmente aliñada segundo o eixo da rocha. O soporte corresponde a un gran batolito granítico visible no bordo litoral, nun ámbito actualmente agrícola e residencial. A adscrición cultural sitúase no marco da arte rupestre da Prehistoria recente, probablemente da Idade do Bronce. O estado actual presenta cobertura vexetal puntual de xestas e silveiras e procesos de meteorización superficial do soporte pétreo. Presenta lectura parcial.

DESCRIPCIÓN

Non existe edificación asociada.

EDIFICACIÓN

Parcela costeira irregular adaptada á topografía litoral. Uso agrícola con matogueira e vivenda dispersa. O afloramento con petróglifos intégrase no terreo natural sen delimitación material nin peche específico.

PARCELA

O entorno inmediato caracterízase por paisaxe rural litoral con parcelas agrícolas, vexetación arbustiva e vivenda dispersa. A proximidade do bordo costeiro condiciona a percepción visual do afloramento granítico.

ENTORNO

Exemplo de arte rupestre mediante cazoletas gravadas sobre granito, testemuño material das prácticas simbólicas da Prehistoria recente e do proceso de ocupación histórica do litoral.

VALORES

# PETRÓGLIFO DE PUNTA CORBEIRA
DENOMINACIÓN




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



HIPSOMÉTRICO — Escala: 1:2.000



XUNTA DE GALICIA

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BIC XENÉRICO
CLASIFICACIÓN

SITIO ARQUEOLÓXICO
CATEGORÍA

NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO
PLANEAMENTO

GA36008083
FICHA

XACEMENTO ARQUEOLÓXICO | XACEMENTO ARQUEOLÓXICO
TIPO | SUBTIPO

PETRÓGLIFO
ELEMENTO

GRAO I / GRAO II.2
NIVEL DE PROTECCIÓN

DEFICIENTE
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

AGROPECUARIO
GLOBAL

PRODUTIVO
DETALLADO

## DELIMITACIÓN DO BEN

Con carácter xeral, tan só se permitirán actuacións encamiñadas á conservación, protección, consolidación, e investigación dos bens, con autorización previa da administración competente en materia de patrimonio cultural.

CONTORNO DO BEN

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse á avaliación do seu impacto arqueolóxico e paisaxístico.

CONTORNO DE PROTECCIÓN

# 74_018
CÓDIGO INVENTARIO

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

CANGAS DE MORRAZO
CONCELLO

RÍA DE VIGO
SECTOR COSTEIRO

ENSEADA DE LIMÉNS
UNIDADE DE PAISAXE

O HÍO (SANTO ANDRÉ)
PARROQUIA

LIMÉNS
NÚCLEO / LUGAR

36008A01900737
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 514985,58 | Y: 4678738,87
COORDENADAS | U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Xacemento arqueolóxico de arte rupestre ao aire libre formado por gravados sobre afloramentos graníticos naturais. A función orixinal interprétase no marco simbólico e territorial da arte rupestre atlántica da Idade do Bronce, mentres que na actualidade presenta valor patrimonial e científico. O soporte corresponde a superficies rochosas a ras de chan e en penedos de grao medio, nas que se executan coviñas e combinacións circulares mediante picado directo. O panel principal integra agrupacións de círculos con coviña central de composición dobre, triple e cuádruple. Localízase na enseada de Liméns, dominando a valgada do regato da Fontecha. O estado de conservación é desigual, con afeccións derivadas da erosión superficial e do tránsito próximo actual leve.

DESCRIPCIÓN

Non se documenta edificación asociada.

EDIFICACIÓN

Parcela de configuración irregular adaptada á topografía litoral da enseada. Uso actual forestal e monte baixo con afloramentos graníticos. O xacemento sitúase integrado no terreo, sen delimitación física visible.

PARCELA

Entorno litoral da enseada de Liméns con accesibilidade por camiños locais. Predomina paisaxe de monte baixo e afloramentos graníticos con edificación dispersa. A vía próxima introduce elementos de alteración visual no conxunto.

ENTORNO

Valor arqueolóxico representativo rupestre atlántica Idade Bronce. Constitúe testemuño da ocupación prehistórica litoral e elemento identitario do territorio costeiro.

VALORES

# PETROGLIFO DE BOUZA DA LAXE
DENOMINACIÓN



## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



HIPSOMÉTRICO — Escala: 1:2.000



XUNTA DE GALICIA

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

MONUMENTO
CATEGORÍA

PLAN BÁSICO AUTONÓMICO
PLANEAMENTO

FICHA

INDUSTRIAL — CONSERVEIRA
TIPO — SUBTIPO

FÁBRICA
ELEMENTO

ESTRUTURAL
NIVEL DE PROTECCIÓN

MOI DEFICIENTE
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

INDUSTRIAL
GLOBAL

PRODUTIVO
DETALLADO

## ACTUACIÓNS

